



Sobre estas liñas, o acto de inauguración da Casa do Emigrante, que dende o pasado 13 de febreiro é a sede provincial para atender a todos aqueles que chegan á Lugo dende outros países. M. PEREIRA

A CASA DO EMIGRANTE, PORTA ABERTA Ó EXTERIOR

A sede provincial deste servizo, ubicada en Viveiro, ten como obxectivos a integración dos inmigrantes e o fomento de negocios con galegos da diáspora. En tan só dous meses atendeu case corenta novos casos

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

Co obxectivo de atender a todos os inmigrantes e emigrantes lucenses e tamén a todos aqueles proxectos empresariais que teñen como destino a provincia de Lugo, o pasado 13 de febreiro se puxo en marcha a Casa do Emigrante, ubicada nos claustros do convento de San Francisco, en Viveiro.

Esta oficina que funciona como sede provincial requeriou unha inversión de 80.000 euros, aportados a partes iguais pola Deputación de Lugo e pola entidade financeira La Caixa.

O máis importante desta iniciativa é que dá resposta a unha das principais demandas dos lucenses no exterior ó tempo que abre unha porta á integración, na cidadanía lucense, ós inmigrantes que chegan á nosa provincia.

Ademais de para atender estas cuestións, o xerme da denominada Casa do Emigrante foi a viaxe institucional que o presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, realizou a Sudamérica no pasado mes de setembro e que serviu para, precisamente, recoller algunhas das peti-

cións dos lucenses que alí residen.

Entre as principais funcións desta oficina destacan a promoción e integración dos inmigrantes, asesorándoo e orientándoo en cuestións como os trámites burocráticos para os permisos de residencia, traballo, reagrupación familiar, etcétera. Ó mesmo tempo, as traballadoras desta Casa do Emigrante, dúas educadoras sociais e unha asistente xurídica, fan as veces de mediadoras con outras administracións e buscan

ademais a integración dos fillos dos inmigrantes e a incursión das mulleres no mercado laboral.

Por outra banda, dende a Casa do Emigrante impulsada pola Deputación mellórase a comunicación con lucenses que residen no exterior, axudándoo na tramitación de cuestións burocráticas. Ademais, ponse especial atención na captación de inversións para a posta en marcha de negocios que teñan como destino a provincia de Lugo.

A OFICINA REQUERIU DUN ORZAMENTO DE 80.000 EUROS APORTADOS A PARTES IGUAIS POLA DEPUTACIÓN E LA CAIXA

A CASA DO EMIGRANTE É TAMÉN UNHA FERRAMENTA PARA CAPTAR INVERSIÓNS EMPRESARIAIS

MELCHOR ROEL RIVAS, ALCALDE DE VIVEIRO

"A DEPUTACIÓN ASUMIU O COMPROMISO DE ROMPER CO ILLAMENTO DA PROVINCIA"

O deputado afirma que a posta en marcha da Casa do Emigrante implica "un salto cualitativo na atención ás necesidades dos inmigrantes que traballan en Lugo e ós nosos veciños que teñen a súa vida fóra"

DIALOGOS COMUNICACIÓN

- Viveiro vén de inaugurar a mediados deste mes, nos claustros de San Francisco, a Casa do Emigrante. Cales serán as súas principais funcións?

- O obxectivo prioritario deste servizo é o de atender tanto ós nosos emigrantes no exterior como ás persoas de fóra que recibimos na provincia de Lugo. Contar con estas instalacións en Viveiro converte ó noso municipio en porta e en camiño de cara a incentivar as relacións cos lucenses na diáspora e tamén coas persoas que elixen a provincia para traballar. O noso concello ten a honra de ser ese lugar de encontro, e o feito de que acolla a sede da Casa do Emigrante implica, amais, un paso na descentralización da Deputación de Lugo.

- No municipio que vostede rexe contan xa con experiencia en canto á atención ós inmigrantes.

- A apertura das instalacións da Casa do Emigrante propicia ampliar o proxecto local da Oficina de Emigración. A nosa tiña un grande recoñecemento, incluso por parte de institucións internacionais do peso, por exemplo, de Médicos sen Fronteiras. Pero a apertura da Casa do Emigrante é un salto cualitativo na atención ás necesidades dos inmigrantes que traballan en Lugo e ós nosos veciños que teñen a súa

vida fóra. O labor previo desenvolvido na Oficina de Emigración viveirense foi importante, certamente, pero sen o cambio que se produxo no goberno da Deputación de Lugo teríamos que seguir a falar de pasos previos ó proxecto que cremos imprescindible. E este paso cualitativo foi posible grazas ó feito de que o presidente do organismo provincial, José Ramón Gómez Besteiro, se preocupa polas persoas. É por iso que asumiu o compromiso de romper co illamento da provincia con respecto dos cidadáns de Lugo que viven no exterior.

- Que aspectos atenderá inicialmente?

- Abrir a Casa do Emigrante en Viveiro implica iniciar un camiño de dúas dimensións, pois vai dirixido tanto ó eido social como ó económico. Cómpre destacar neste senso que non só se rachou co illamento co exterior, senón que se está a completar o proceso coa celebración de distintos cursos de capacitación para empresarios. Xa se celebraron os primeiros en Caracas e en Bos Aires, e este mes estase a impartir outro en Uruguai.

- Como indicará nos cidadáns a impartición deste tipo de formación? Suporá beneficios reais?

- A iniciativa propicia a creación dunha vía de intercambio, tal e como subliñaron, a través de vídeo



Roel explica que os usuarios das instalacións atopan nelas interlocutores válidos para desenvolver os seus proxectos M.PEREIRA

conferencia, os emprendedores da provincia de Lugo que están actualmente traballando fóra e participando destes cursos de capacitación.

Eles expresaron ademais o seu interese por investir a fin de xerar riqueza en Galicia. É certo que hai xente na emigración que ten problemas, pero tamén é certo que hai bos emprendedores galegos que marcan as diferencias nos seus países de acollida e que, aínda que non pensan en voltar a Galicia, alomenos polo de agora, si é certo que están interesados en fomentar o crecemento da súa rexión de orixe.

- Deron xa algún paso neste senso?

- Carecían de interlocutores a fin de favorecer o cumprimento deste

obxectivo, pero agora contan xa en Viveiro cunha Casa do Emigrante a través da que establecer comunicacións.

- Como incidiu na creación destas instalacións a viaxe organizada pola Deputación de Lugo a Latinoamérica?

- Foi unha viaxe criticada, pero realmente foi moi fructífera. Percorremos un total de tres países en seis días e no decurso desas xornadas celebramos corenta entrevistas, nas que non só escoitamos, senón que tamén propuxemos. Esa viaxe e esas reunións foron un punto de encontro e asesoramento a partir do que coñecemos distintas situacións e necesidades que se poden dar.



O rexedor de Viveiro e José Ramón Gómez Besteiro, durante a inauguración da nova oficina ADC

"Hai bos emprendedores galegos que marcan as diferencias nos seus países de acollida e que queren fomentar o crecemento da súa rexión de orixe"



LUGO COMO DESTINO DE NOVAS INVERSIÓNS E PLANS EMPRESARIAIS

A Deputación é a primeira institución de España que desenvolve un ciclo formativo para lucenses no exterior. Tras rematar en Venezuela e Arxentina, agora faise en Uruguai

DIALOGOS COMUNICACIÓN

Coa posta en funcionamento da Casa do Emigrante a Deputación de Lugo levou a cabo o desenvolvemento do programa *Iniciativas Emprendedoras*, dirixido a emigrantes lucenses asentados en Caracas e en Bos Aires. Desta xeito, a Deputación converteuse na primeira institución de España en poñer en marcha un ciclo formativo para, neste caso, lucenses residentes en Venezuela e Arxentina.

Esta iniciativa ten como principal obxectivo crear riqueza no país de destino e tamén promover actuacións para a posta en marcha de negocios na provincia de Lugo. Os primeiros cursos realizados en Venezuela e Arxentina foron todo un éxito e están a ter unha grande repercusión en Latinoamérica, e agora faise o propio en Uruguai.

O desenvolvemento deste proxecto é consecuencia do protocolo *Iniciativas Empresariais* que asinaron os responsables do Banco Nación de Arxentina e o titular de Deputación durante a viaxe institucional do pasado setembro. Con este plan impúlsase a creación de negocios a ámbolos dous lados do Atlántico, unha iniciativa á que a Deputación de Lugo destinou xa 145.000 euros.

Durante o encontro virtual, celebrado hai dúas semanas, os emigrantes lucenses con peso no sector empresarial en Bos Aires amosaron o seu interese en realizar investimentos na provincia lucense.

Concretamente falouse da posibilidade de crear unha plataforma loxística con barcos para comercializar peixe na Unión Europea.

BESTEIRO DEU OS PRIMEIROS DIPLOMAS ÓS LUCENSES RESIDENTES EN CARACAS E EN BOS AIRES POR VÍDEO CONFERENCIA

NA CONVERSA MANTIDA CON EMPRESARIOS ARXENTINOS, ESTES AMOSARON O SEU INTERESE POR INVESTIR NO SECTOR PESQUEIRO





Co novo servizo a Deputación quere que os inmigrantes se adapten á vida social e laboral dos municipios lucenses MÓNICA PEREIRA

Avenida de Cervantes s/n
(No claustro de San Francisco)
C.P - 27850 Viveiro, Lugo

casadoemigrante@deputacionlugo.org

Teléfonos: 982 570 628 / 982 563 613
Fax: 982 570 201



A INTEGRACIÓN DO INMIGRANTE COMO FIN

O persoal da Casa do Emigrante traballa para facer máis sinxela a adaptación. Impulsa plans de inserción laboral para a muller e desenvolve programas de apoio ós nenos

DIÁLOGOS COMUNICACIÓN

O pasado ano a Oficina de Emigración Viveiro atendeu 330 novos expedientes de inmigrantes asentados no citado municipio. Agora, xa convertida en sede provincial como Casa do Emigrante, ocupárase de tramitar máis casos, como proba o feito de que en pouco máis dun mes xa despachou corenta novas solicitudes.

As traballadoras da Casa do Emigrante, dúas educadoras sociais e unha asistente xurídica, teñen entre as súas funcións principais axudar á integración tanto social como laboral dos inmigrantes. Por

iso, prestan os seus coñecementos para a tramitación burocrática de permisos de residencia ou de traballo, asesorando sobre prestacións, ou actuando de mediadores con outras administracións. Amais, axudan nas peticións de reagrupamento familiar, unha das cuestións máis solicitadas por parte dos inmigrantes e que require de moita documentación e, polo tanto, de máis axuda das asesoras.

De feito, o ano pasado a oficina municipal de Viveiro atendeu máis de cen casos, dado o continxente de dominicanos chegados hai anos, ademais dos rumanos, peruanos e

indonesios, estes últimos a comunidade máis numerosa do concello.

Tamén traballan con programas de intervención familiar para facilitar a adaptación de todos os seus membros. Levan a cabo plans de integración da muller no mercado laboral, facilitando a conciliación coa vida familiar, e desenvolven programas de axuda ós nenos, con clases de reforzo, sobre todo de lingua (na que actualmente teñen inscritos a corenta pequenos) e con proxectos educativos para fomentar a interculturalidade.

Atención xurídica

A asesora xurídica encárgase de axudar en cuestións diversas como tramitación de documentación, orientación en temas lexislativos,

asesoramento na solicitude e tramitación de divorcios, e axuda nos casos de violencia de xénero.

A integración dos inmigrantes pasa tamén pola súa incorporación á vida social, polo que se potencia a participación en festas e tradicións dos distintos municipios lucenses nos que viven, ó tempo que se fan xornadas gastronómicas e culturais para fomentar o intercambio de civilizacións e o acercamento ós dous mundos.

Por outra banda traballan para mellorar a comunicación da comunidade lucense co exterior, e resolver pequenas cuestións administrativas de emigrantes retornados e dos galegos que residen fóra do país como herdanzas, prestacións, partidas de nacemento, etcétera.

A REAGRUPACIÓN FAMILIAR É UN DOS TRÁMITES MÁIS SOLICITADOS PERO TAMÉN UN DOS MÁIS LONGOS E QUE REQUIRE DE MÁIS AXUDA